



XAQUÍN CAMPO FREIRE  
Compañeiro de camiño. Ganduxador de  
Galiza no corazón.  
Grupo de amigos "GANDUXA"

# Ganduxando vidas con Galicia no corazón Homenaxe en Ferrol a Xaquín Campo Freire

# A foto que fala

Hong-Kong. Calcúlase que máis de 100 000 persoas viven en casas inadecuadas; moitas delas, nestas casas-xaula ou casas-ataúde. [Foto: Benny Lam]



## O trasno A orquestra do Titanic e o cambio climático

Daniel López Muñoz



Rajoy tiña un primo que dicía que o do cambio climático era un conto. E Trump nin curmán precisa. Abonda coa súa inmensa autoridade científica para negalo todo.

Pero negacionismos á parte, o cambio climático xa está aquí. Non o notades?

No anterior número, desde o Piorredo, faciamos unha brincadeira sobre as súas consecuencias e a importancia de re-aprender a nosa economía de subsistencia, esa na que eramos auténticos expertos, por se a cousa se pon mal, mal.

A cousa non está para brincadeiras. É mágoa que non haxa un grande acorrido europeo para obrigarlle ás televisións a concienciar a poboación sobre a necesidade de baixar drasticamente as emisións de CO<sup>2</sup>. E, igual ca os medios, os políticos, para que nos debates cambien esa obsesión por venderse a si mesmos para nos salvar dos outros políticos e discutan sobre enerxía, sobre envellecemento, sobre desigualdade, é dicir, sobre como salvar Galicia, Europa, o Planeta, do Grande Estrago. Curioso momento este onde o único líder mundial que

está á altura das circunstancias é un tal Francisco, un Papa que veu da fin do mundo.

Porque o da orquestra do Titanic -tocando mentres o barco afundía- pode non ser nada comparado coa frivolidade das nosas televisións, especialmente as privadas, e do debate e estilo dos grandes líderes. A gran festa, o gran casino planetario, un descomunal Las Vegas, mentres o planeta se fai imposible.

Un planeta imposible é un mal agasallo para as novas xeracións. Pero pensar nas novas xeracións e nas supernovas, nas fillas dos nosos netos, sería ter un pensamento transcendente, que vai alén do que temos diante dos focíños. E, case sen notalo, pouco a pouco, foise instalando na nosa conciencia a ideoloxía de inmediatez material, dese “en cen anos todos calvos”. Hai que rebelarse.

Sen pensar en clave transcendente, chámalle x, só con irresponsabilidade egocéntrica, non hai futuro, nin en Cospeito nin en Las Vegas.

A apertura do xuízo contra o actual alcalde de Palas de Rei e o seu antecesor por acoso á secretaria interventora municipal pode ser un exemplo da indefensión na que se encontran os funcionarios que non facilitan a xestión pública a certos políticos. Xa non digamos se denuncian a corrupción.

Se ao final quedan probadas, aínda que só sexa unha parte das acusacións admitidas a trámite no xuízo, evidenciárase que a presión política existe, que hai unha corrupción de baixa intensidade que funciona a base de acoso laboral. É a herdanza dunha caste especial de políticos, triunfadores, señores nos seus eidos, donos dunha leira ben choída na que repartir grazas e desgrazas de forma arbitraria.

Son demasiados os concellos que distan de poderen ser considerados como administración pública, ante a falta de transparencia. Son rexidos por un código de seu, un código que conta con numerosos

beneficiados que facilmente toman parte a prol do acosador.

A administración pública fundaméntase na aplicación equitativa das normas, baseada en decisións obxectivas que non miran os nomes e apelidos dos beneficiados, senón a súa situación concreta.

## A administración pública debe basearse na aplicación equitativa e obxectiva das normas

O pulso existe. Por un lado o político, ávido de éxitos e seguidores. Por outro, o funcionario, que sabe que na xestión dos bens públicos tan importante é o que se fai, como a maneira de facelo. O político debe decidir que facer, debe orientar o gasto ás actuacións acordes coa súa ideoloxía e programa, xa que obtivo o maior respaldo. Pero aí remata a súa función. O funcionario debe executar as decisións políticas de acordo coa normativa vixente que, por sorte, está suficientemente desenvolvida para que na súa aplicación se garanta un mínimo de igualdade de trato, sexan subvencións, contratos, licenzas de obra ou reformas nas fochancas. Esa legalidade non sempre agrada ao político, aínda que sexan normas aprobadas polos seus compañeiros de partido.

A pregunta democrática que nos debemos facer é: Quen preferimos que governe? Un tramposo que xoga no noso equipo ou un adversario ideolóxico que respecta as normas?

Son respectables as decisións do vencedor electoral. Pero os vencedores deben respectar o marco normativo, aínda que llelo teña que lembrar un funcionario incómodo. Antes demócratas ca militantes. Antes xustiza e dereito que comenencia e corruptela.

## Rumores de esperanza


Xan Guillén

Todos lle debemos algo a alguén. Poño por caso que calquera de nós débelle moito a xente que pasa pola nosa vida sen ter lazos de sangue e que nos bota unha man para atopar o noso camiño. De seguro que ti tes na cabeza xente que foi clave na túa vida e á que lle debes moito. Agora pensa que estás no caso daquela xente que, polo que sexa, chegou ao fondo do pozo. Hai xente pola que ninguén daría nin un pataco dos de antes e que sae do burato coa guía doutra persoa que se converte en clave.

Nas asociacións que traballan ben coa xente marxinada hai centos de histo-

rias destas. Xente que un día chega a esa organización totalmente rota e que sae a flote. Trátase de asociacións que non van de “solucionadoras de problemas” senón que acompañan no camiño de volta. Que saben que o protagonista do cambio non son eles, senón o outro. Coñezo casos deses de xente que camiña nunha asociación ata saír do pozo. E o mellor de todo é que parte desa xente, ao volver a ver a luz do amencer, regresa á asociación que lles devolveu á vida e deciden acompañar a xente que o precisa.

Coido que estes rumores son un pouco escuros porque non poden nin debo



dar nomes, pero estes días contáronme varias veces unha historia semellante. Dá gusto ver como a xente é agradecida e sabe mirar atrás e coñecer o seu pasado.

1



3



2



4



## A peneira

1

Celebramos o Día dos **OCEANOS** coa mostra "Fillos do océano" de Javier Teniente de Vigo, debatindo a prohibición do arrastre a máis de 800 m. e o control do cambio climático a menos profundidade para protexer do CO2 a zona de reprodución de moitas especies, 140. delas no noso banco perqueiro.

2

O 7, "Día da Conservación do Solo" celebramos que Químicas da **UDC** está a montar un laboratorio do chan en Maputo-Mozambique para mellorar agricultura e medio ambiente. Na foto o terceiro mozambiqueño Arlindo S. Ingüane, doutorado en Lugo, despois do investigador Ananías Pascoal que xa traballa en Braga

3

Na foto, Ndeye Andújar, organizadora do I Congreso de **FEMINISMO ISLAMICO**, denuncia dende o Corán o machismo e as desigualdades entre árabes, propiciando unha lectura liberadora a prol da muller, afastada do fanatismo patriarcal de moitas crenzas.

4

A estrea do filme "The Promise" de Terry George denuncia o xenocidio de **ARMENIA**, coma o sexteto Genealogy, na foto, procedentes de cinco continentes, descendentes da diáspora, despois do xenocidio no 1915, cristiáns marxidados no imperio otomano.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Os gandeiros/as necesitan **TERRAS**. O maior latifundista de Galiza é o estado con 1596 has., que se fixo con leiras abandonadas por emigrantes ou dalguén que non puido pagar os dereitos, e mesmo espazos senlleiros coma as Illas de Sálvora de Tábmo.

6

Pontevedra é a cidade con máis **MOCIDADE**, 102 fronte a 100 maiores, ao revés do Ferrrol 100 por 177, que nos últimos dez anos perdeu moita poboación, mentres o veciño Narón acadou os 40. 000 h., unha teima neste tempo de crise

7

O **27** celebramos a proclama da Primera República Gallega, o día antes das eleccións para a constitución da II República española, un soño que durou pouco coa enerxía de Alonso Ríos, presidente da Xunta Revolucionaria da República Gallega.

8

A noite de San Xoán, o solsticio de verán, agasállanos coa constitución da Rede do **PATRIMONIO** Cultural formada por dúcias de colectivos, que está a mobilizarnos contra o lume, berrando «INCÊNDIOS NUNCA MAIS» despois da desfeita de máis de 170 en Portugal. Non valen os laios posteriores.

# Política Sobre a tiranía

Pedro Pedrouzo Devesa



## Debemos recuperar a trama social como lugar de encontro

Para que triunfe a resistencia, cómpre cruzar dúas fronteiras. En primeiro lugar, as ideas sobre o cambio teñen que motivar a persoas de distintas procedencias, que non estean de acordo en todo. En segundo lugar, as persoas deben atoparse en lugares que non sexan a súa casa, e entre persoas que previamente non eran amigas súas. É posible organizar protestas nas redes sociais, pero nada é real ata que non remata nas rúas. Así comeza a decimo terceira lección das vinte que podemos aprender do século XX sobre a tiranía, e que escribe Timothy Snyder.

Podería elixir moitas outras, pero a esta doulle unha importancia maior por salienta a necesidade de abriremos á sociedade, algo que nos resulta máis complicado segundo avanzan os anos. Unha das consecuencias do éxito das redes sociais é que nos facilita o encontro cos iguais, con aqueles que pensan coma nós. E aínda que teña un encanto especial atopar a aqueles que comparten análogas inquiredanzas, perdemos a capacidade do diálogo con moitos outros que non comungan en aspectos que consideramos fundamentais. E iso é un problema.

As cidades non se constrúen así, acumulando os iguais e afastando os diferentes. Entre outras cousas porque

as características que salientamos para nos diferenciar moitas veces non representan minimamente a nosa forma de ser, nin as nosas filias nin as nosas fobias.

Un dos desagradables efectos que teñen os líderes de opinión é que deciden como construímos os filtros que condicionan as nosas relacións coas persoas. Deciden cal é a guillotina social coa que nos relacionamos, con quen podemos vernos, con quen non. Cales son os mínimos (que acabamos convertendo en máximos) sen os cales nin nos molestamos en contactar cos demais.

De aí a necesidade de cruzar esas fronteiras, de saír das contornas nas que nos sentimos acubillados, (a ideoloxía, a afección única ou a relación constante). Debemos despistar a monotonía e acudir a lugares estraños para encontrar *novas formas de pensar e vivir* que posiblemente opinen de forma diferente, pero non sempre oposta. En época de falabaratos e especialistas do discurso, debemos recuperar a trama social como lugar de encontro no que descubrimos que os nosos veciños son máis humanos do que pensamos, máis pensados do que inventamos.





# O peto común

Teresa Souto

Esta semana escoitaba na radio un programa no que falaban da crianza actual na nosa sociedade e destacaban as advertencias e reflexións sobre a “sobreprotección” dos máis pequenos/as das familias. Todos e todas nós como parte viva desta sociedade influímos nesa sobreprotección, que non deixa avanzar, medrar libres, pero comprometidos, responsables e constantes, sabedores de que as cousas custan esforzos e traballo. E despois escoitamos a queixa de que na mocidade hai moitos *nin nin* (palabra de moda), pois estamos a tempo de poñer todos os esforzos en mostrarlles o valor real das cousas. Ademais de, por suposto, crer firmemente que existe moita valía na nosa mocidade; moito poder nas súas mans e cabezas.

Durante tres meses, no centro de traballo, tivemos a dúas persoas realizando prácticas dun ciclo superior, e teño que contarvos que todo o equipo quedou encantado, dúas persoas ben noviñas, pero que trasmitían valores, capacidade de esforzo, de aprendizaxe, empatía, ganas, ilusión, ideas frescas, actitudes e aptitudes. E nun traballo, cun colectivo e nunhas situacións en ocasións moi difíciles de afrontar; pero ambos demostraron a madurez necesaria. Por iso, enviaremos pulos a esa mocidade que ten ganas de participaren de avances e cambios, de albergar valores para compartiren coa sociedade que cada día creamos.



## O CARRABOXO por ROBE LOIS



# Onde vai a xente nova?

Sabela Núñez Singala

*Sergio Montero Pérez naceu en Santiago de Compostela cando estabamos estreado democracia. É unha boa mostra da fuga de cerebros, ou da exportación de coñecemento á que nos dedicamos en Galicia con probada eficacia. Evidentemente nunha economía baseada na construción e no turismo non teñen de momento moito encaixe os nosos científicos. Algo se debería facer ao respecto.*



## Onde vives e en que traballas?

Vivo e traballo en Stevenage, no condado de Hertfordshire, a uns 50 kms ao norte de Londres. Dedicome ao deseño de algoritmos e sistemas de telecomunicacións, e son especialista na capa física da telefonía móbil de 4ª e 5ª xeración.

## Como foi o teu percorrido?

Antes de graduarme como enxeñeiro fixen moitas cousas para custear os meus gastos en Copenhague e Lund. Traballei nunha granxa de visóns, fun carteiro, camareiro, recepcionista... Foi unha etapa moi divertida na que coñecín a xente moi interesante, con moi bos recordos.

Xa como enxeñeiro, comecei a traballar para ST-Ericsson en Lund, Suecia, case dous anos no departamento de verificación de software. Despois tiveron outra oferta dunha empresa chamada Aeroflex, agora Cobham Wireless, que me ofreceu a oportunidade de traballar no deseño de algoritmos de capa física. Xa levo aquí case 5 anos e estou contento.

## Por que estudaches en Dinamarca e Suecia?

Por varios motivos. Sempre me gustaron os países escandinavos, a súa

forma de vida, a cooperación social, a distribución da riqueza, a educación gratuíta e de calidade... Tamén, porque tiveron a sorte de participar nun intercambio con estudantes daneses en 2º de B.U.P. Gustoume moito Dinamarca e comecei a darlle voltas á idea de vivir e estudar fóra. Quizais o factor máis importante foi a dureza dos estudos de enxeñeiro de telecomunicacións en Vigo. Daquela só aprobaban todo un 4% dos estudantes. Tiñamos que pasar os veráns e as

basicamente teórica, premiando os estudantes con maiores capacidades memorísticas. Non se fomentaban a innovación e a imaxinación, tan importantes para un enxeñeiro. Os problemas tiñan só unha solución e calquera cousa que saíse do guión non era válida. Non se aprobaba por coñecementos, aprobábase facendo centos de exames doutros anos a ver se caía un problema similar aos dos anos anteriores. Non teño moi bos

## Na universidade s escandinavas trabállase en proxectos reais enfocados a Nokia, Volvo ou Ericsson

vacacións estudando e aínda así nunca era abondo. Pensei que sería unha parvada perder os mellores anos da miña vida estudando días e noites sen ter un futuro claro e decidín facer algo diferente, algo que si me convenía de verdade.

## Que diferenzas hai na forma do estudo entre estes países e o noso?

Xa levo moitos anos fóra e descoñezo a realidade actual, pero daquela a educación na facultade de Vigo era

recordos. Tamén coñecín bos mestres, pero non eran maioría.

En Escandinavia era totalmente diferente. Traballabamos en proxectos reais que moitas veces ían parar a empresas como Nokia, Anritsu, Volvo ou Ericsson. Premiábase a discusión e a imaxinación, sendo o resultado do problema o factor menos importante en todo o proceso educativo. Para iso tiñamos o Matlab, que nunca se trabuca! Faciamos presentacións diante de directivos de empresas e moitos



de nós xa contábase cun posto de traballo incluso antes de rematar a diplomatura.

Recordo proxectos prácticos nos que pasabamos horas e horas no laboratorio soldando os circuítos integrados, programando robots simples e traballando en equipo. Tamén lembro mestres quedando con nós fóra do seu horario laboral. Iso si que era educación!

A miña educación foi moi especializada e enfocada ás necesidades do momento nas telecomunicacións actuais. Penso que tan importante é ter coñecementos teórico-prácticos como saber para que, en que casos e con que motivos se poden usar eses coñecementos. Non hai que sabelo todo, nin tampouco se pretende, pero si hai que saber onde atopar a información e como usala se for preciso.

#### Que vai pasar co Brexit?

Os políticos fan cousas sen pensar, xa que os seus salarios nunca sofren polas decisións tomadas. Estamos a pasar dunha época na que a globalización e o libre mercado eran as inviolables formas de medrar sen límite, a un proteccionismo por parte dos estados ricos que se senten agora ameazados polas mesmas políticas e

decisións que eles impuxeron aos países pobres. De aí, do sufrimento de moita xente, xorden fenómenos como Podemos ou Syriza, e en casos extremos, decisións coma o Brexit, a Francia de Le Pen ou os EEUU de Trump.

No caso do Brexit penso que saíran da unión, pero que non haberá grandes cambios con respecto ao que temos agora. Por desgraza, moita xente no Reino Unido está convencida de que a perda de calidade de vida no país é culpa dos estranxeiros, que ocupan traballos que deberan ser ocupados polos nacionais e traballan por moito menos diñeiro por hora. É a mesma historia que repite o PP no noso país, a mesma maneira de usar o

## Non é tan importante o número de cousas que tes, senón a satisfacción co que fas na vida.

medo para controlaren á poboación. Sempre é máis sinxelo culpar a outros, especialmente se son de fóra.

No meu caso non creo sexa nada relevante. Se as empresas pechan aquí haberá que ir para Alemaña, Suecia ou calquera outro país no que se continúe a traballar neste campo.


#### Tes a intención de volver a Galicia?

Gustaríame ser mestre de tecnoloxía ou informática nun futuro a medio prazo, pero non estou de acordo co sistema de funcionariado do país. Pode ser que algún día deixe os meus principios a un lado e me decida a opositar, pero polo de agora non estou convencido de que garantir o traballo a unha persoa sexa a mellor maneira de lograr bos profesionais. Unha vez máis observamos os mesmos erros que na educación, escollendo aos profesionais en base as súas capacidades memorísticas e non en base ás súas habilidades pedagóxicas, educativas, á súa experiencia profesional, etc.

#### Que é o máis importante na vida dun científico novo coma ti?

O máis importante para min sempre foi poder facer o que eu quería e custear os meus gastos co meu diñeiro, é dicir, ser independente. É certo que tiven a sorte de poder estudar e traballar ao mesmo tempo, cousa que por desgraza non se pode facer en moitos países.

É importante sentir que o que fas che reporta satisfacción. Traballas para vivires dignamente, para poder ter unha vivenda cómoda, un coche se o precisas, un can se o queres e ata unha bicicleta se así che vai mellor para ir ao traballo. Non é tan importante o número de cousas que poidas mercar, pero si que te sintas unha persoa digna co traballo que fas e contenta co que tes. En definitiva, para ser feliz non fai falla ter moito, pero si valorar o que se ten en cada momento da vida.



# As furtadelas A bandeira da Virxe María



No lugar de Seixalbo, parroquia de Bemposta (Ourense), creouse en 1957 “Bemposta Nación de Muchachos”. Tiña entre os seus fins o ensino, a investigación, a cultura, a educación das artes e as ciencias, así como o desenvolvemento integral de todos os nenos e nenas adolescentes e mozos no ámbito nacional e internacional. A idea fundamental das escolas de Bemposta era promover o desenvolvemento físico e espiritual dos cativos, pero sen unha orientación relixiosa

## Cantos Padre Silva farían falla na política!

definida. Como parte da súa educación o neno tomaba parte nas tarefas de mantemento e xestión do complexo escolar (autoxestión). Empregábanse métodos pedagóxicos próxi-

mos aos das Escolas Democráticas, defendendo a participación libre do neno nos procesos de toma de decisións. As escolas de “Bemposta Nación de Muchachos” contaban co seu alcalde, co seu parlamento e mesmo coa súa moeda propia.

O seu fundador e director ata a desaparición desta entidade en 2003, por una serie de desencontros coa Administración, foi o ourensán don José César Silva Méndez, “O Padre Silva”, a quen tiven a sorte de coñecer.

Nunha das visitas a Bemposta do gobernador civil de Ourense en plena ditadura, despois dos actos protocolarios de recibimento, toda a comitiva acompañaría o gobernador e o Padre Silva a un paseo polo interior da cidade para ver os logros e as necesidades da mesma. En chegando a dian-

te da Casa do Concello, presidido pola bandeira galega, o gobernador preguntoulle ao Padre Silva; “Padre, esa bandera que está en el balcón del Ayuntamiento, qué bandera es?” “¿No la conoce? Es la bandera de la Virgen María, señor gobernador?” “Ah, ah, está bien?” E punto!, que diría un de Vilalba, aínda que non para algo tan natural coma o caso do que falamos.

Desde 1975 ata o ano 2000 fun directivo dunha Sociedade Cultural do concello de Redondela. O seu balcón presidían dúas bandeiras, a do Estado e a de Galicia. Fomos agredidos e ameazados varias veces por un botarate violento, porque non lle gustaba que a de Galicia estivese á dereita e a española á esquerda.

Cando en 1994 inauguramos as obras de reforma e ampliación do edificio (era unha antiga Sociedade Agraria) puxemos un só mastro (aínda está) coa bandeira de Galicia, coma en Bemposta. O día da inauguración, o 10.04.1994, o mesmo atoleirado e feroz individuo, acompañado de dúas persoas máis, preguntou onde estaba a bandeira española? Contestamos con outra pregunta: “A bandeira que está no balcón é española ou non?” Non houbo resposta ata hoxe.

Isto vén a conto porque acabamos de recibir un convite do Concello de Redondela para asistir á presentación e izado da bandeira de Redondela o día 14.06.2017. Corenta anos levan a bandeira de Galicia e a do Estado compartindo o balcón en igualdade. Ninguén se queixou nin pediu unha terceira bandeira que, o único obxectivo que ten é a de restar protagonismo á galega en favor da española (“al haber tres, la de España se colocará en lugar preferente”). Todo isto disfrazado dun localismo barato e trasnoitado que, no fondo sabemos que se trata dunha intencionalidade política. Si. Se o seu localismo fose priorizar o local, preocuparíanse da nosa cultura, da nosa toponimia, da nosa historia, da nosa identidade... Pero non, porque aos políticos sen auto-estima e firmeza no sentimento de pertenza parécelles que son mellor valorados se renuncian ou poñen en dúbida os nosos valores. Cantos Padre Silva farían falla na política.

Andrés Couñago Laxe  
(Cartas. “Faro de Vigo”, 15.06.2017)

Xabier Blanco



Reunión de preparación da XL Romaxe



Benqueridas Irimegas e irimegos:

Pois si, prácenos comunicarvos que a romaxe XL xa está en marcha.

Dende o domingo 16 de outubro pola tarde, un grupiño de xente procedente das comunidades do Cristo da Vitoria, as comunidades HOAC de Vigo, o centro xuvenil Abertal e algúns representantes da xunta directiva de *Irimia* vimos traballando para ir facendo realidade a celebración da romaxe vindeira, que levará por lema “Andaina de Pobo e Fe”.

O lugar que nos acollerá é o fermosísimo parque de Beade, situado na parroquia do concello de Vigo con máis zonas naturais e que, hoxe en día, vén sendo, pola súa situación, o balcón de Vigo, con dúas vistas impresionantes: unha cara á cidade e outra cara ás illas Cíes.

Chegamos á Romaxe XL cheas e cheos de gratitude polo vivido, pero tamén ben afincadas e afincados na actualidade e coa esperanza de seguirmos traballando nas dúas grandes causas irimegas: a Fe liberadora e a Galeguidade solidaria con todos os Pobos que a precisan. E precisamente a Gratitude, a Actualidade e a Esperanza serán os personaxes principais que nos irán falando na celebración escrita por Olga Álvarez, María Paz

Fernández, Xosé María Pin e cunha breve pero intensa pregaría de comunión elaborada por Manolo Regal.

No berro seco faranse presentes tres paixóns que nos ocupan e preocupan: as persoas refuxiadas, a precariedade de persoas e familias enteiras, e o coitado do noso Planeta.

Todo vai estando disposto. Agora falta o máis importante: que ti e máis eu, e todas e todos nós reservemos a data: o sábado 9 de setembro. Agardámoste! E antes desa data, seguiremos informando.

Saúde!

## A XL Romaxe levará por lema *Andaina de Pobo e Fe*



# O noso taboleiro

## Crónica da homenaxe a Xaquín de Roca o 10 de Xuño de 2017

Lucía Santiago Díaz  
(no nome do grupo organizador "Ganduxando Vidas")



Xaquín falando ao lado do monólito con Valdi, o escultor, ao seu carón. De costas, Engracia Vidal e "ao fresco", Nieves Espiñeira Medín, unha das organizadoras de Ganduxando Vidas.

Eran as cinco da tarde cando chegamos. O sol pegaba forte na explanada de Piñeiros que hai entre a igrexa parroquial e a residencia de anciáns San Xosé Obreiro, facendo que a xente se arrexuntara baixo as sombras das árbores e mais da capela. Só os músicos, vestidos co traxe tradicional, suaban baixo o sol. Unha estreita franxa de terra separaba o adro, terreo clerical, do parque dos nenos, laico. Alí, no medio, alzábase un monólito coa inscrición "Compañeiro de camiño, ganduxador de novos amenceres, Galiza no corazón". Na mesma pedra, gravado por Valdi, un Xaquín de Roca cun libro na man, sorría. Comezou o acto, e a caricatura deseñada por Siro convertíase en recoñecemento e memoria agradecida.

O 10 de Xuño de 2017 en Narón, xuntámonos xente de todo tipo. Primeiro na explanada de Piñeiros, onde se inaugurou o monólito, e logo no auditorio municipal. Entre o público e os relatores, reuniuse o mundo obreiro, o cárcere, o mundo da saúde, os partidos políticos, o clero, asociacións como *Irimia* ou *Encrucillada*, as parroquias, a familia... Amigos e amigas que viñamos de case toda Galicia (Ortigueira, Ferrolterra, Guitiriz, terras de Compostela, Pontevedra,

Vigo, Teixeira...), e moitos que non puideron vir, pero que estiveron presentes. Unha mestura de vidas ganduxadas por Xaquín Campo Freire, natural de Roca, quen soubo tecer ao longo dos seus 80 anos, vínculos de esperanza e compromiso por un mundo mellor, iso si, sempre dende abaixo.

Como dixo Nieves Espiñeira Medín, unha das ganduxadoras mais activas, "polas distintas realidades polas que

### e a cada un acompañou no camiño.

foi pasando, Xaquín deixou pegadas fortes en prol da solidariedade e defensa da dignidade dos nenos, dos anciáns, das mulleres, dos obreiros, dos emigrantes, dos presos, dos xitanos, da cultura universal, da nosa lingua galega"

Por todo iso, esa tarde celebramos de xeito "sinxelo, comunitario e civil" (condicións impostas polo homenaxeado), os primeiros 80 anos de Xaquín de Roca; compartindo vivencias, recordos, agradecementos, teatro, música - actuaron máis de cin-

co músicos e unha coral -. Ao longo da tarde, diferentes relatores foron dando testemuño dun mosaico que Xaquín foi construíndo, e que á vez, construíuno a el. Pois el é parte de nós e, paréceme, nos tamén somos del.

Pero Xaquín tamén falou. Mais ben interpretou. Fixo teatro. Fixo un pouco dese teatro que tanto ama. Foi un "relatorio de gratitude en tres lances" e comezou pedindo que acenderan a luz da platea, pois quería ver e mirar aos ollos á xente. "Coñézovos a case todos persoalmente [...] vivín de preto as vosas alegrías, medos, esperanzas, preocupacións..." E a cada un acompañou no camiño.

Como bo actor desprazouse polo escenario. Fíxoo en zocas, símbolo das orixes nas que segue asentando a súa vida e a súa fe. E integrou ao público. Subiu a Engracia Vidal e a Lucía Santiago ao escenario, e mais a unha nena da parroquia pediulle que lle aguantara os diferentes libros nos que se sustentaba o seu relatorio. O primeiro, *O Principiño*, pois non se ve ben se non é cos ollos do corazón; o segundo, *Memorias dun neno labrego* porque hai que partir do nós para irmos para diante; o terceiro *Os vellos*

*non deben de namorarse* [das novas], pois non hai que quedar no pasado, nin pretender facer o que non se fixo. Hai que andar cos tempos, ser do seu tempo, pero sen abandonar a nave, se non transmitíndolle aos que veñen detrás.

Foiche unha tarde ben xeitosa. Para os que non puideron vir quédalles esta crónica, ou botarlle unha lectura ao libro que se publicou con textos de moitos máis dos que puideron subir falar. Se queredes un exemplar contactade cun dos de Ganduxando Vidas, ou escribe ao correo electrónico [ganduxandovidas@gmail.com](mailto:ganduxandovidas@gmail.com) antes de que se esgote.



## Só teño para ti unha palabra: grazas

Xaquín Campo Freire

### *Eu soñei que algunha vez todo o mundo era un fogar*

Pódese pasar? -diciamos na miña infancia, ao entrar na casa dos amigos e veciños.

“E eu soñei que algunha vez todo o mundo era un fogar.

Todo o mundo unha familia,  
e coas portas sen fechar.

Todo o mundo unha familia, unha familia universal?”

E algo así, coma este soño, vivín eu convosco o sábado pasado,  
dez de xuño, en Piñeiros e Narón.

Nesa inmensa mostra de amizade eu vinte a ti rebulindo,  
movéndote moi cariñosamente para agasallarme con tanto afecto  
axudando a todos a construír esa familia universal,  
coas portas sen pechar.

E agradecín de verdade ver que xuntos vale a pena traballar por un mundo mellor.  
Levou tempo.

Alá vai case toda unha vida!

Pero alí estábamos todos, física ou espiritualmente,  
para testemuñar que xuntos fixemos o que soubemos e puidemos.

“Como poderei eu pagar todo o ben que se me fai?” (S. 116, 12).

Coa meirande amizade quero achegarme a ti e aos teus e dicirvos de corazón:  
GRAZAS AMIGOS.

Seguimos aí.  
GRACIÑAS!



## A silva na horta de Curro

Xa vai para un ano que morreu Pepe de Curro. Aguantou na casa ata que non puido máis. Viviu bastantes anos só. Por fin, despois de moito porfiar, as fillas lograron que fose para cabo dunha delas. Á casa notóuselle a falta de lume e da calor humana.



Pero onde máis se deixou ver a vellez de Pepe foi na horta. El coidábaa con esmero. Agora as silvas deron en medrar que é un milagre. Parece que mesmo se ven agadaupar por riba das maceiras e cerdeiras. Pouco lles falta para cubriren tamén a cabana. A horta de Curro é un silveiral. Non se ve outra cousa que non sexan silvas. Apoderáronse de todo. Dominárono todo. Se Pepe volve-se e vise así a súa horta, morría de pena.

Ás veces vén dar unha volta por aquí o xenro e estame a falar un día e outro de que a única maneira de limpar a horta é poñéndolle lume a todo. Non ve outro xeito para se desfacer de tanta maleza. Se non o ten feito xa é por medo a que o lume lle pase para a casa que está moi preto. O lume sería a solución.

E penso e repenso. Pobre de quen ten que vivir preto dunha silva! Porque de seguro que dades comigo en que haber hainas. Abundan. Son eses seres que te afofan, que teiman por estar sempre no máis alto pondo a outros debaixo dos seus pés. Son eses que chupan o sangue pouco a pouco.

As silvas agárrante, aprisionante, non te deixan escapar facilmente, envólvente, sérvense de ti para subiren máis e faceren que a sombra sexa maior. Pobre de quen ten que tecer a súa vida ao pé dunha silva! Acabará por non ver a luz do sol. Escureceráselle o horizonte. E cando lle vaian fallando as forzas pensará coma o xenro de Curro que soamente o lume é capaz de purificar tanta maleza. Alguén, na súa desesperación, estaría disposto a acender o chisqueiro aínda que tamén ardera a casa.

## O repenso

Ramón Díaz Raña



Deputación  
DA CORUÑA

**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓN:** Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182

**IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**



# Boa Nova



## Quen vos recibe a vós recibeme a min

Mateo no capítulo 10 do seu evanxeo trala elección dos doce coloca unha longa instrución do mestre dirixida a eles. E ao final dela aparece este texto, difícil de entender dentro nos nosos marcos culturais, e que mesmo pode parecer nos escandaloso.

A sociedade na que viviu Xesús era o que os sociólogos chaman unha sociedade colectivista, é dicir, unha sociedade na que primaba o grupo fronte o individuo, o contrario do que pasa nas nosas sociedades.

A familia era un principal grupo de referencia e ninguén podía entenderse fóra dela pois, abandonala supoñía a marxinação e a exclusión social. Cando lles di aos seus seguidores que non poden amar máis a súa familia ca el, non lles está propoñendo un camiño ascético de renuncia, senón que os estaba chamando a pertencer a unha nova familia, a do Reino, que implicaba un cambio de fidelidades, valores e crenzas que desafiaba as bases na que se sustentaban os vínculos de parentesco no mundo mediterráneo antigo.

A estrutura pechada daquelas sociedades implicaba fortes fronteiras identitarias que definían claramente quen era “dos nosos” e quen non. Isto daba seguridades e claridade nas interacción grupais, pero tamén, favorecía a confrontación e a exclusión. Estes describen parte dos desafíos identitarios que implicaba seguir a Xesús. Asumir o fracaso e a exclusión, é saberse parte dun grupo que ten as fronteiras abertas, cuxa honra non está en acoller a quen é digno, senón os pequenos e necesitados coma eles.

Carme Soto

## O ECO

Nestes últimos tempos, recito este versíño como un mantra “quen vos recibe a min me recibe...” e agradezo cada vaso de auga, cada palabra de ánimo porque non van para min. Empregueino nunha entrevista <http://www.alandar.org/wp-alandar/es/entrevista-luz-galilea-teologia/> e coido que causou algún que outro sentimento pouco acolledor. Seica me falta discernimento, humildade, coñecemento... Sáenme mestres de calquera sitio.

Humildade é ser quen son en vedade, humildade é ter presente, tanto como poida -así teña que ser tamén durmindo- a quen me envía, para quen traballo e vivo. Humildade é non esquecer endexamais de onde procedo e a quen obedezco. Humildade é rexeitar a quen quere capitalizar para si a vontade divina, facendo que leis humanas e vontades humanas se atribúan o poder de dicirle a outra xente o que Deus quere para elas ou o que son ou non son, o que poden ser ou non.

Enténdaseme ben. A vontade de Deus está para min gravada en letras douradas nas miradas das persoas da miña comunidade do Home Novo (e tamén da muller non vos caiba dúbida), está na fidelidade ao servizo das necesidades que vou atopando no camiño, ás chamadas, nas que non distingo grandes e pequenas. Bendigo cada pedra e cada silveira do camiño que me leva á obediencia porque é camiño de dignidade e humanidade.

Un bo camiño para aprender a ser eu quen diga quen son, a ser sen mais, con liberdade e asumindo os custos.

Un bo camiño para unha muller e coido que para todas, afeita a recibir mensaxes que falan de muros e portas pechadas, como se viviramos en pechado ou en cortellos... un camiño que leva a horizontes abertos onde a paz por momentos soa como espada sen que unha o queira. Igual que as palabras de Xesús que non veu traer a paz dos “comoédebido”... esa non.

Un bo camiño cara o servizo cara a Mesa do banquete, que é gozo puro, infinito e profundo coma a Vida que nela se reparte.

Non teñades medo, fago o que todas as mulleres como é debido fan dende lustros de lustros, servir a mesa, compartir vida.

Para quen pregunte outra vez polas miñas credenciais, refírase a estas verbas do meu Mestre adorado.... relea este evanxeo e fique en paz. A miña dignidade, a miña paz e o meu discernimento descansan aí.

Recibo opinións e leo o que me queirades dicir, sen pasar pola fotocopiadora

[christinamoreirav@gmail.com](mailto:christinamoreirav@gmail.com)

Christina

## A PALABRA


### DOMINGO 3 DE XULLO. XIII DO TEMPO ORDINARIO

#### A PALABRA. Mt 10, 37-42

Naquel tempo, dixo Xesús aos seus apóstolos: «Quen ama a seu pai ou a súa nai máis ca a min, non é digno de min. E quen ame a seu fillo ou a súa filla máis ca a min non é digno de min. E quen non carga coa súa cruz e me segue, non é digno de min. Quen trate de conservar a vida, perderaa; mais quen a perda por min, ese conservaraa. Quen vos recibe a vós, recibeme a min; e quen me recibe a min, recibe ao que me mandou. (...)»

# Falando da lingua Día crítico, diacrítico...

Lidia e Valentina



Afogadas pola calor...

Dános o corpo que aínda habedes de estar un chisco afogados por lerdos o artigo da lingua da última revista... E valeuvos a pena? Quedouvos claro cando debedes acentuar o “vés” e o “ves”? Ou o “dás” e o “das”? Ímolo explicar nunha carreira, xa veredes que sinxelo é...

– vés, 2ª persoa do presente de indicativo do verbo VIR, leva acento en galego; así, direiche que ti **vés** sempre á mesma hora

– ves, 2ª persoa do presente de indicativo do verbo VER, non leva acen-

to en galego; así, direiche que ti non **ves** ben, vas ter que mercar unhas gafas.

E como vén sendo isto? Pois acordádevos que se ti vés, vés arrimado ao pao, e o pao, o acento, é o que lle pos na cabeza a “vés”. Neste caso, para os que sexades quen de diferenciar abertas de pechadas, a forma do verbo vir pronúnciase con e aberto e a do verbo ver con e pechado.

– dás, 2ª persoa do presente de indicativo do verbo DAR, leva acento en galego; así, direiche que ti non **dás** pancada...

– das, contracción da preposición de + o artigo as, non leva acento en galego; así, direiche que os libros son **das** nenas.

E neste caso vén sendo o mesmo: se dás, dás co pao, e o pao é o que lle pos enriba a “dás”. Isto mesmo repítese no singular: “el non **dá** pancada”; “o libro é **da** nena”

– fóra, adverbio, é con acento (pronúnciase aberto); indicamos co

dedo que debe ir fóra e ese dedo poñémosllo enriba ao “o”

– fora é a 1ª ou a 3ª persoa do pretérito pluscuamperfecto do verbo IR ou do verbo SER: “Pepe fora con el cando fora presidente.”

“Présa” é o apuro que un leva e “presa” é a persoa que non goza de liberdade, ou a canle por onde vai a auga, ou o que se apreixa coas mans, ou o animal que se captura...

– “póla” leva acento cando se pronuncia o “o” aberto e cando é sinónimo de “rama” (poñédeslle a rama enriba ao “o”).

– “pola” non leva acento cando se pronuncia o “o” pechado; nestes casos será a contracción de por + a ou significará “galiña pequena”

“Cómpre” leva acento cando significa que é necesario, cando “cómpre facer algo”; e non o leva cando é a 1ª ou a 3ª persoa do presente de subxuntivo do verbo comprar: “É bo que compre unha camiseta nova...”

Aínda quedan unha chea deles por xustificar, pero para ir repasando, xa lle chegou...

## O Fachineiro do medo

### Alarmas

Este fachineiro, coma moita outra xente, adoita almorzar coas noticias da radio. Pero chega un momento, aí polas 7:35 que ten que apagar durante a publicidade para que non se lle atragoe a torrada. Trátase dun anuncio de alarmas que xoga a espallar o medo da xente para vender os seus aparatos. Co medo e coa imaxinación, porque a cuña vai adobiada con preguntas do tipo “entráronlles na casa de noite e non se decataron. Imaxina que pasaría se estivesen espertos?” E claro, ti imaxinas e compras a alarma. Ademais, as medorentas do anuncio adoitan ser mulleres. O recurso publicitario é efectivo pero resulta tan obsceno que é difícil atu-



rar todo o anuncio. O outro día sóbouse que mandos intermedios desta compañía enciraban aos seus vendedores para entender noticias sobre roubos falsos nun edificio para despois encherse a vender alarmas. “Vimos polo do roubo”, dicían. E con iso abonda. Non descubren nada novo, porque xa dicía Tito Livio que o medo sempre está disposto a ver as cousas peor do que son. O medo funciona en todos os campos. Tamén na política e na economía, sempre prestas a acender alarmas. Pero cando se combina coa ignorancia, os efectos multiplícanse.

A.Q.